

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2453 *Corrección de erros do Real decreto lei 3/2021, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas para a redución da fenda de xénero e outras materias nos ámbitos da Seguridade Social e económico.*

Advertidos erros no Real decreto lei 3/2021, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas para a redución da fenda de xénero e outras materias nos ámbitos da Seguridade Social e económico, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 29, do 3 de febreiro de 2021, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 22, no punto 4.f) da disposición transitoria oitava que se incorpora ao Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, onde di:

«f) As entidades inscritas no rexistro deberán remitir información periódica acreditativa das actuacións de certificación que estean levando a cabo conforme o que se estableza na orde ministerial de desenvolvemento a que se refire a presente disposición.»

debe dicir:

«f) As entidades inscritas no rexistro deberán remitir información periódica acreditativa das actuacións de certificación que estean levando a cabo conforme o que se estableza na orde ministerial de desenvolvemento que se dite.»

Na páxina 27, na disposición derradeira primeira, no párrafo primeiro, onde di:

«Os capítulos I e III do título I e as disposicións adicionais primeira e segunda dítanse ao abeiro do artigo ...».

debe dicir:

«Os capítulos I e III do título I e as disposicións adicionais primeira, segunda e terceira dítanse ao abeiro do artigo ...».

Na mesma páxina 27, na disposición derradeira primeira, no parágrafo terceiro, onde di:

«O título II e a disposición adicional terceira dítanse ao abeiro do artigo ...».

debe dicir:

«O título II e a disposición adicional cuarta dítanse ao abeiro do artigo ...».